

Seguro Accidentes

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Miniseguro Repatriación BBVA Allianz

A información precontractual e contractual completa do produto proporciónase noutros documentos.

En que consiste este tipo de seguro?

É un seguro destinado a estranxeiros residentes en España, que cobre un capital de falecemento por accidente e os gastos do teu traslado ou repatriación por falecemento ao teu lugar de orixe.



Que se asegura?

✓ Falecemento por accidente

A aseguradora indemnizará os teus beneficiarios se o teu falecemento é por causa dun accidente cuberto polo contrato de seguro.

✓ Garantía de traslado ou repatriación en caso de falecemento por accidente do asegurado

A aseguradora farase cargo dos trámites e gastos do traslado dos teus restos mortais desde o país en que se producise o teu falecemento ata o aeroporto internacional máis próximo á localidade de inhumación do país onde te teñen que repatriar, detallada no contrato de seguro.

Se es muller e faleces durante o parto e/ou tamén falece nese momento o teu bebé ou cando aínda non teña os 30 días de vida, a garantía daravos cobertura aos dous.

✓ Garantía de recepción e traslado ata o destino final en caso de falecemento por accidente do asegurado

A aseguradora farase cargo dos gastos da recepción dos teus restos mortais, traslado e gastos que se produzan ata que chegue o teu corpo á localidade da túa inhumación ou ata a funeraria do teu país que designen os teus familiares. Se es muller e faleces durante o parto e/ou tamén falece nese momento o teu bebé ou cando aínda non teña os 30 días de vida, a garantía daravos cobertura aos dous.

✓ Garantía de acompañante de restos mortais en caso de falecemento por accidente do asegurado

A aseguradora facilitaralle á persoa que indiquen os teus herdeiros un medio de transporte para que acompañe os teus restos mortais, sempre e cando esta persoa teña os documentos necesarios para poder viaxar.

✓ Garantía de traslado ou repatriación familiar en caso de falecemento no mesmo accidente ca o tomador

Se no mesmo accidente que faleciches, falece tamén algún dos teus familiares que conviven contigo (o teu cónxuxe ou parella de feito, os teus pais ou os teus fillos menores de 25 anos), a aseguradora farase cargo dos trámites e gastos do traslado dos seus restos mortais desde o país en que se producise o falecemento ata o aeroporto internacional máis próximo á localidade de inhumación do país onde te teñen que repatriar, detallada no contrato de seguro. Se cando ocorra o accidente os teus fillos son menores de 14 anos, a aseguradora dará a opción de: repatrialos, incineralos ou efectuar o seu enterro na localidade onde faleceron ou na do voso domicilio familiar, incluíndo sepultura temporal.

A suma asegurada de cada garantía establecerase nas condicións particulares do teu contrato de seguro.



Que non está asegurado?

Resumimos as principais exclusións. Tes a súa totalidade á túa disposición na nota informativa e nas condicións xerais.

Quedarán excluídas as garantías se o teu falecemento é como consecuencia de:

EN TODAS AS GARANTÍAS.

✗ Os producidos como consecuencia directa ou indirecta da reacción ou radiación nuclear ou contaminación radioactiva. Os causados por tremor de terra, erupción volcánica, inundación, furacán e todos aqueles que deriven de situacións cualificadas polo Goberno da nación como catástrofe ou calamidade nacional.

✗ As consecuencias de accidentes orixinados antes da data de entrada en vigor do contrato de seguro, aínda que as consecuencias destes persistan, se manifesten ou determinen durante a súa vixencia.

✗ A práctica de navegación submarina ou viaxes de exploración, así como os accidentes derivados dos seguintes deportes con carácter de afeccionado: equitación, esquí en competición, alpinismo, espeleoloxía, loita, boxeo, artes marciais, inmersións submarinas, deportes aéreos, automobilismo, motociclismo, rugby e polo.

✗ As consecuencias dun acto de imprudencia ou negligencia grave do asegurado, así como as derivadas da participación do asegurado en actos delituosos, competicións, apostas, duelos ou pelexas, sempre que neste último caso non actuase en lexítima defensa ou en tentativa de salvamento de persoas ou bens.

✗ Os riscos cubertos polo Consorcio de Compensación de Seguros.

Seguro Accidentes

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Miniseguro Repatriación BBVA Allianz

NA GARANTÍA DE FALECIMENTO POR ACCIDENTE

- ✗ Os feitos que xeraron o falecemento non teñen a consideración de accidente.
- ✗ O accidente é consecuencia da participación do asegurado en probas deportivas ocupando o vehículo como piloto, copiloto ou simple pasaxeiro.

RESTO DE GARANTÍAS

- ✗ Prestacións que non fosen solicitadas previamente á entidade aseguradora, así como aquelas para as que non se obtivese a súa conformidade, salvo os supostos de imposibilidade material, debidamente acreditada.
- ✗ Rescate de persoas en montañas, simas, mares, selvas ou desertos.



Existen restricións no que respecta á cobertura?

Resumimos as principais restricións. Tes a súa totalidade á túa disposición na nota informativa e nas condicións xerais.

- ! Se a repatriación do teu corpo é por falecemento debido a unha enfermidade, non poderás gozar da cobertura ata transcorridos tres meses desde a data de inicio do contrato.

- ! A temporalidade da sepultura para o teu fillo menor de 14 anos é de 5 a 10 anos, dependendo do cemiterio en que se realice a inhumación.
- ! Non quedan cubertos os gastos ocasionados pola xestión e obtención de documentos para poder viaxar da persoa asignada para que acompañe os teus restos mortais.
- ! No quedan incluídos os gastos e xestións das honras fúnebres, inhumación, flores, cerimoniais relixiosas...



Onde estou cuberto?

- ✓ Cando o teu falecemento ocorra nalgún país da Unión Europea, Andorra, Suíza, Islandia e Noruega.



Cales son as miñas obrigas?

- Realizar o pagamento do prezo do seguro.
- Comprobar que os teus datos e os datos específicos de repatriación que constan no contrato de seguro son os correctos e comunicarllo a BBVA Allianz Seguros no caso de que se modifiquen.
- En caso de producirse o falecemento, comunicarllo a BBVA Allianz Seguros nun prazo de sete días e achegar a documentación que o acredite para a correcta tramitación do expediente.



Cando e como teño que efectuar os pagamentos?


O recibo do seguro domiciliarase na conta bancaria que nos indiques. Poderás elixir entre as seguintes formas de pagamento: trimestral, semestral ou anual.



Cando comeza e finaliza a cobertura?

O contrato entra en vigor ás 00:00 horas da data de inicio e a súa duración é dun ano. Renovase de forma automática anualmente, salvo que ti ou BBVA Allianz Seguros indique o contrario, e finalizará cando ocorra algún dos seguintes supostos:

- Fagas 65 anos.
- Non realices o pagamento periódico do prezo do seguro.
- Falecemento.



Como podo rescindir o contrato?

O contrato do miniseguro repatriación BBVA Allianz é anual, aínda que ti o pagues de forma trimestral, semestral ou anual. Para solicitar a non renovación do contrato debes de nolo comunicar cun mes de antelación á súa data de finalización, para o que dirixirás un escrito, xunto coa copia do teu DNI ou documento equivalente acreditativo da túa identidade, a BBVA Allianz Seguros ao domicilio que figura nas condicións xerais (calle Ramírez de Arellano, 35 28043 Madrid). Tamén o podes entregar en calquera das oficinas do Grupo BBVA ou enviálo ao enderezo de correo electrónico seguros@bbvaallianz.es.